

# 3.5.

## medioambiente

**A situación medioambiental** é un dos aspectos que hai que ter en conta á hora de avaliar a calidade de vida dos cidadáns e o seu benestar social. Neste senso, o incumprimento dos obxectivos intermedios da Estratexia de Lisboa pon de releve a necesidade de impulsar e reactivar os diferentes medios non só na dimensión socioeconómica senón tamén na “medioambiental”.

En primeiro lugar analízase a evolución dos incendios forestais que, por mor da vaga de incendios que asolou Galicia na primeira quincena do mes de agosto, poden considerarse como o principal problema dende o punto de vista medioambiental. A insuficiencia do dispositivo de extinción motivou que o 6 de agosto a Xunta de Galicia solicitara axuda extraordinaria non só ao Ministerio de Medio Ambiente, senón tamén aos Ministerios de Interior e de Defensa, así como doutras CC.AA. e doutros países.

Atendendo á evolución nos dous últimos anos, as estatísticas reflicten que a superficie total queimada medrou un 66,9%, rexistrándose por primeira vez o feito de que a superficie arborada arrasada polos lumes fora superior á superficie rasa. Asemade, cómpre salientar o forte incremento da superficie media por incendio, que pasa das 4,8 hectáreas de 2005 ás 13,7 ha de 2006. A intencionalidade mantense como principal causa dos incendios (un oitenta e un por cento dos incendios son provocados) así como a elevada concentración nun número reducido de concellos.

Asemade, hai que mencionar que as consecuencias da catástrofe ambiental provocada polos lumes forestais se viron agravadas posteriormente polas fortes choivas e as riadas causadas.

A continuación analízanse unha serie de indicadores ambientais relativos ao cambio climático, á auga, aire, biodiversidade, residuos sólidos e agricultura ecolóxica.

Como punto de partida, e tendo en conta que as actuacións da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no ano 2006 foron dirixidas á “promoción, protección e mellora do ambiente dentro do marco do desenvolvemento sostible” (as funcións de prevención e loita contra os incendios forestais e o de ordenación, reestruturación e desenvolvemento do sector forestal corresponden agora á Consellería de Medio Rural) o seu presuposto descendeu un 33,5% respecto ao ano precedente, para situarse nos 235,3 millóns de euros. O importe presupostado en 2006 para o programa de prevención e defensa contra os incendios forestais (422C) medrou un 9,8%, ascendendo ata os 69,6 millóns de euros.

O **cadro 3.5.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da devandita Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, onde o 342A, protección e mellora do medio ambiente, absorbe case as tres cuartas partes dos seus presupostos (172,1 millóns de euros). Séguelle en importancia o programa 412A, xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos, que

**Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible 2005-06: distribución segundo programas**

	2005	2006	06/05
	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
342A Protección e Mellora do Medio Ambiente	169.349,2	172.077,1	1,6
341A Direccións e Servizos Xerais de Medio Ambiente	8.684,4	9.128,1	5,1
422C Prevención e Def. contra Incendios Forestais (Plan forestal de Galicia)	63.378,2	-	-100,0
432A Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	1.675,4	1.770,1	5,7
614C Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal (Plan forestal de Galicia)	65.153,9	-	-100,0
441A Elaboración e difusión estatística	78,1	78,0	-0,1
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos	45.234,9	52.205,8	15,4
<b>Total</b>	<b>353.554,1</b>	<b>235.259,1</b>	<b>-33,5</b>

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

○ 3.5.1.

**Incendios forestais en Galicia e España 2005-06: nº de sinistros e superficie forestal afectada**

2005					
	Nº incendios	superficie forestal afectada			superficie total
		arborada	matorral e monte		
			baixo	resto	
		<i>(en has.)</i>			
A Coruña	2.641	3.210,8	6.223,5	-	9.434,3
Lugo	1.141	657,9	2.483,6	-	3.141,5
Ourense	4.292	10.375,6	20.051,5	-	30.427,1
Pontevedra	3.899	7.888,3	6.611,7	-	14.500,0
<b>Total</b>	<b>11.973</b>	<b>22.132,6</b>	<b>35.370,3</b>	<b>-</b>	<b>57.502,9</b>
<b>España</b>	<b>25.492</b>	<b>69.396,8</b>	<b>106.227,2</b>	<b>13.095,6</b>	<b>188.719,5</b>
<b>Galicia / España (%)</b>	<b>47,0</b>	<b>31,9</b>	<b>33,3</b>	<b>-</b>	<b>30,5</b>
2006					
	Nº incendios	superficie forestal afectada			superficie total
		arborada	matorral e monte		
			baixo	resto	
		<i>(en has.)</i>			
A Coruña	2.387	22.066,2	14.672,0	-	36.738,1
Lugo	897	1.473,9	4.627,5	-	6.101,4
Ourense	1.613	4.118,1	8.044,1	-	12.162,2
Pontevedra	2.099	27.872,7	13.071,2	-	40.943,9
<b>Total</b>	<b>6.996</b>	<b>55.530,8</b>	<b>40.414,7</b>	<b>-</b>	<b>95.945,5</b>
<b>España</b>	<b>16.355</b>	<b>69.339,7</b>	<b>70.634,6</b>	<b>8.852,6</b>	<b>148.826,9</b>
<b>Galicia / España (%)</b>	<b>42,8</b>	<b>80,1</b>	<b>57,2</b>	<b>-</b>	<b>64,5</b>

(1) Datos provisionais.

Fonte: Consellería do Medio Rural e Ministerio de Medio Ambiente

○ 3.5.2.

acolle o 22,2% (52,2 millóns de euros).

Xunto á actuación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, na mellora e conservación medioambiental tamén colaboran as sociedades públicas Sogama e Obras e Servizos Hidráulicos, cun presuposto total de 106,1 millóns de euros (16,6% superior ao do ano 2005) e 99,7 millóns de euros (un 18,5% máis), respectivamente. O presuposto do organismo autónomo Augas de Galicia, medrou un 5,8% respecto aos presupostos do ano anterior, situándose nos 138,3,7 millóns de euros.

**Incendios forestais en Galicia 2006: distribución mensual**

Número de lumes					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Xaneiro	9	5	16	30	60
Febreiro	135	40	344	153	672
Marzo	12	16	54	8	90
Abril	94	28	69	82	273
Maio	150	85	82	136	453
Xuño	242	93	69	245	649
Xullo	758	209	235	614	1.816
Agosto	805	272	491	685	2.253
Setembro	170	144	224	139	677
Outubro	1	-	5	-	6
Novembro	6	5	7	5	23
Decembro	5	-	17	2	24
<b>Total</b>	<b>2.387</b>	<b>897</b>	<b>1.613</b>	<b>2.099</b>	<b>6.996</b>

  

Superficie forestal queimada					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Xaneiro	40,05	12,22	10,63	24,44	87,34
Febreiro	190,78	193,63	627,64	182,00	1.194,05
Marzo	10,48	95,39	56,22	33,41	195,50
Abril	115,80	168,15	153,85	54,36	492,16
Maio	332,88	105,32	96,69	159,54	694,43
Xuño	457,95	199,92	202,46	121,58	981,91
Xullo	4.300,60	277,42	404,99	973,47	5.956,48
Agosto	30.794,00	4.607,30	9.741,00	39.211,00	84.353,30
Setembro	470,22	437,89	833,35	177,24	1.918,70
Outubro	0,80	-	1,93	-	2,73
Novembro	3,98	4,09	4,00	1,84	13,91
Decembro	19,99	-	29,39	3,75	53,13
<b>Total</b>	<b>36.737,53</b>	<b>6.101,33</b>	<b>12.162,15</b>	<b>40.942,63</b>	<b>95.943,64</b>

Fonte: Consellería do Medio Rural e Ministerio de Medio Ambiente

### 3.5.3.

Os presupostos da Xunta para o ano 2006 inclúen unha previsión de ingresos por gravames sobre a contaminación atmosférica, por un importe similar de 20,6 millóns de euros, un 0,9% (403.000 euros) máis en relación ao presupostado nos orzamentos do ano anterior.

### Incendios forestais

Ao longo do ano 2006, por mor da vaga de incendios rexistrados en Galicia na primeira quincena de agosto, a superficie total afectada rexistrou unha medra do 66,9% respecto da queimada no ano anterior. A superficie afectada polos 6.996 lumes declarados no último ano ascendeu, segundo os datos da Consellería de Medio Rural, a 95.945,5 hectáreas. Comparado cos datos correspondentes ao conxunto do Estado, o **cadro 3.5.2.** amosa que en Galicia se declararon o 42,8% dos lumes do conxunto do Estado e que acolleu o 64,5% da superficie total queimada en España en 2006.

Ao contrario do acontecido en anos anteriores, e a consecuencia da oleada de incendios declarados entre o 4 e 15 de agosto, que afectou basicamente ás Rías Baixas e á costa de A Coruña, a provincia de Ourense xa non é a de maior número de incendios e de superficie forestal afectada. Dunha banda, no ano 2006, dos 6.996 lumes rexistrados en Galicia, 2.387 producíronse en A Coruña e 2.099, en Pontevedra, o que supón que case as dúas terceiras partes dos incendios declarados aconteceron nestas dúas provincias. Doutra, estas provincias acollen o 81% da superficie queimada en Galicia (40.943,9 hectáreas en Pontevedra e 36.738,2 hectáreas en A Coruña) e máis da metade das hectáreas queimadas no conxunto do Estado.

Un dos aspectos que hai que salientar é que a superficie forestal arborada superou por primeira vez á superficie queimada rasa. Tras a medra do 150,9% da superficie arborada queimada, esta situouse nas 55.530,8 hectáreas, o 57,9% da superficie forestal arrasada polo lume en 2006. A superficie correspondente a matorral e monte baixo medrou respecto ao ano anterior un

**Principais concellos galegos en canto ao número de lumes e superficie queimada 2006**

lumes			Superficie queimada					
		(%)	(en has.)		(%)			
1	Pontevedra	107	1,5	1	Cercedo	7.436,4	7,8	
2	Santiago de Compostela	106	1,5	2	Pontevedra	3.327,0	3,5	
3	Boiro	103	1,5	3	Barro	3.065,5	3,2	
4	As Neves	96	1,4	4	Muxía	2.934,0	3,1	
5	Santa Comba	93	1,3	5	Pontecaldelas	2.816,7	2,9	
6	A Cañiza	89	1,3	6	Mazaricos	2.678,4	2,8	
7	Lousame	85	1,2	7	Quiroga	2.392,7	2,5	
8	Salvaterra do Miño	83	1,2	8	Pazos de Borbén	2.260,4	2,4	
9	Caldas de Reis	83	1,2	9	Arbo	2.168,8	2,3	
10	Tomíño	80	1,1	10	Camariñas	2.002,2	2,1	
11	Ribeira	77	1,1	11	Catoira	1.929,3	2,0	
12	Muíños	74	1,1	12	A Gudiña	1.890,9	2,0	
13	Mazaricos	74	1,1	13	Avión	1.862,5	1,9	
14	Lugo	74	1,1	14	Vimianzo	1.827,0	1,9	
15	Carballo	73	1,0	15	Padrón	1.818,1	1,9	
16	Negreira	73	1,0	16	Lousame	1.798,0	1,9	
17	Chandrexa de Queixa	72	1,0	17	Rianxo	1.732,9	1,8	
18	Lalín	70	1,0	18	Campo Lameiro	1.708,6	1,8	
19	A Gudiña	68	1,0	19	Val de Dubra	1.519,7	1,6	
20	Rois	67	1,0	20	Baiona	1.514,3	1,6	
21	Abegondo	66	0,9	21	Rois	1.395,7	1,5	
22	Vialba	64	0,9	22	Lama	1.377,0	1,4	
23	Viana do Bolo	60	0,9	23	A Cañiza	1.316,4	1,4	
24	Mondariz	59	0,8	24	Laracha	1.314,3	1,4	
25	O Porriño	58	0,8	25	Crecente	1.165,2	1,2	
10 primeiros concellos			925	13,2	10 primeiros concellos		31.082,2	32,4
25 primeiros concellos			1.954	27,9	25 primeiros concellos		55.252,0	57,6
Total Galicia			6.996	100	Total Galicia		95.945,5	100

Fonte: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

#### 3.5.4.

14,3%, acadando as 40.414,7 hectáreas.

A estatística de distribución mensual dos incendios rexistrados na comunidade autónoma reflicte a forte concentración dos mesmos no mes de agosto. Como se reflicte no **cadro 3.5.3.**, nese mes se declararon 2.253 lumes, o 32,2% dos incendios en Galicia, ascendendo a superficie total afectada por estes incendios a 84.355,0 hectáreas, o 87,8% da superficie queimada en 2006.

Esta concentración de lumes no mes de agosto, e o incremento do peso relativo dos incendios de grandes dimensións (a superficie media por incendio pasa das 4,8 hectáreas de 2005 á 13,7 hectáreas de 2006) poden vir explicados, en boa medida, polas condicións meteorolóxicas extremas no período do 4 ao 15 de agosto, cando se rexistraron temperaturas superiores aos 30 grados de temperatura, menos de 30% de humidade e máis de 30 quilómetros na velocidade do vento.

Xunto á devandita concentración dos lumes no que á temporalidade se refire, outra das principais características dos incendios en Galicia é a súa elevada concentración espacial. Dunha banda, e en termos do número de lumes declarados, a concentración mantense en niveis similares aos do ano anterior xa que os 25 concellos con maior número de incendios sufriron o 27,9% dos incendios do 2006 (29,1% no ano anterior). Se en lugar destes 25 concellos consideramos os dez con maior número de lumes, esta porcentaxe sería do 13,2% (15,5% en 2005).

Pola contra, se consideramos a superficie forestal queimada nos distintos concellos, o **cadro 3.5.4.** amosa que o 32,4% da superficie afectada corresponde tan só a 10 concellos galegos, sendo este peso relativo do 57,6% no caso dos 25 concellos con galegos con maior número de superficie arrasada polo lume. Comparado co ano anterior cómpre salientar o incremento da concentración xa que estas porcentaxes eran do 32,2% no caso dos 10 concellos con maior número de hectáreas queimadas e do 51,6% se se consideran os devanditos 25 concellos.

No que atinxe á análise da causalidade dos incendios forestais en Galicia, e como resultado das primeiras estimacións, o 73,6% dos lumes rexistrados no ano 2006 se cualificaron como intencionados. A superficie queimada por estes incendios en Galicia foi de 81.095,3 hectáreas, o que significa que case o 85% das hectáreas queimadas o son por lumes intencionados. Compa-

**Lumes e superficie media afectada 2006: distribución segundo causalidade**

	Número de lumes		Superficie				Total	
	(%)	(en ha)	Arborada		Rasa		(en ha)	(%)
			(en ha)	(%)	(en ha)	(%)		
<b>Provincia de A Coruña</b>	2.387	100	22.066,2	100	14.672,0	100	36.738,1	100
Raio	23	1,0	418,8	1,9	587,6	4,0	1.006,4	2,7
Queima agrícola	17	0,7	26,9	0,1	3,5	0,0	30,4	0,1
Queima de pastos	-	-	-	-	-	-	-	-
Traballos forestais	20	0,8	14,2	0,1	7,8	0,1	22,0	0,1
Fogueiras	7	0,3	61,8	0,3	10,6	0,1	72,3	0,2
Fumadores	3	0,1	11,1	0,1	6,2	0,0	17,3	0,0
Queima de lixo	2	0,1	2,5	0,0	1,5	0,0	4,0	0,0
Escapes de vertedoiros	9	0,4	3,7	0,0	3,1	0,0	6,8	0,0
Queima de matogueira	9	0,4	2,8	0,0	13,0	0,1	15,8	0,0
Ferrocarril	-	-	-	-	-	-	-	-
Liñas eléctricas	19	0,8	13,8	0,1	42,6	0,3	56,4	0,2
Motores e máquinas	3	0,1	13,1	0,1	22,4	0,2	35,5	0,1
??	-	-	-	-	-	-	-	-
Outras negligencias	111	4,7	150,4	0,7	138,3	0,9	288,7	0,8
Intencionado	1.847	77,4	18.388,4	83,3	12.300,5	83,8	30.688,9	83,5
Causa descoñecida	236	9,9	2.675,4	12,1	959,3	6,5	3.634,7	9,9
Incendio reproducido	81	3,4	283,4	1,3	575,6	3,9	859,0	2,3
<b>Provincia de Lugo</b>	897	100	1.473,9	100	4.627,5	100	6.101,4	100
Raio	55	6,1	5,2	0,3	139,8	3,0	144,9	2,4
Queima agrícola	10	1,1	0,8	0,1	5,5	0,1	6,3	0,1
Traballos forestais	3	0,3	3,8	0,3	4,9	0,1	8,7	0,1
Fogueiras	1	0,1	0,5	0,0	2,2	0,0	2,7	0,0
Fumadores	5	0,6	0,7	0,0	1,3	0,0	1,9	0,0
Escapes de vertedoiros	5	0,6	0,3	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0
Queima de matogueira	6	0,7	0,3	0,0	12,0	0,3	12,3	0,2
Ferrocarril	1	0,1	-	-	0,0	0,0	0,0	0,0
Liñas eléctricas	25	2,8	37,5	2,5	46,4	1,0	83,9	1,4
Motores e máquinas	9	1,0	0,6	0,0	1,3	0,0	1,9	0,0
Outras negligencias	18	2,0	4,7	0,3	5,3	0,1	10,0	0,2
Intencionado	489	54,5	890,3	60,4	3.440,8	74,4	4.331,1	71,0
Causa descoñecida	232	25,9	516,6	35,1	929,7	20,1	1.446,3	23,7
Incendio reproducido	37	4,1	12,5	0,8	38,2	0,8	50,7	0,8
<b>Provincia de Ourense</b>	1.613	100	4.118,1	100	8.044,1	100	12.162,2	100
Raio	28	1,7	25,9	0,6	81,8	1,0	107,7	0,9
Queima agrícola	3	0,2	0,1	0,0	2,1	0,0	2,1	0,0
Queima de pastos	1	0,1	-	-	-	-	-	-
Traballos forestais	2	0,1	0,1	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0
Fogueiras	19	1,2	11,8	0,3	0,3	0,0	12,1	0,1
Fumadores	1	0,1	0,3	0,0	50,5	0,6	50,8	0,4
Escapes de vertedoiros	2	0,1	-	-	-	-	-	-
Queima de matogueira	1	0,1	0,3	0,0	0,8	0,0	1,1	0,0
Ferrocarril	5	0,3	0,2	0,0	-	-	0,2	0,0
Liñas eléctricas	2	0,1	2,1	0,1	0,6	0,0	2,7	0,0
Motores e máquinas	2	0,1	-	-	0,2	0,0	0,2	0,0
Outras negligencias	20	1,2	57,6	1,4	275,3	3,4	332,9	2,7
Intencionado	1.309	81,2	3.828,6	93,0	7.209,5	89,6	11.038,2	90,8
Causa descoñecida	160	9,9	107,3	2,6	217,4	2,7	324,7	2,7
Incendio reproducido	58	3,6	83,9	2,0	204,6	2,5	288,5	2,4
<b>Provincia de Pontevedra</b>	2.099	100	27.872,7	100	13.070,7	100	40.943,4	100
Raio	15	0,7	26,6	0,1	6,4	0,0	32,9	0,1
Queima agrícola	16	0,8	2,5	0,0	2,7	0,0	5,2	0,0
Queima de pastos	2	0,1	0,1	0,0	0,1	0,0	0,1	0,0
Traballos forestais	7	0,3	1,7	0,0	0,5	0,0	2,2	0,0
Fogueiras	8	0,4	3,1	0,0	0,3	0,0	3,4	0,0
Queima de lixo	2	0,1	0,0	0,0	0,1	0,0	0,1	0,0
Escapes de vertedoiros	6	0,3	0,3	0,0	4,5	0,0	4,9	0,0
Queima de matogueira	8	0,4	7,0	0,0	2,3	0,0	9,3	0,0
Ferrocarril	7	0,3	127,1	0,5	3,6	0,0	130,7	0,3
Liñas eléctricas	10	0,5	1,7	0,0	6,4	0,0	8,1	0,0
Motores e máquinas	1	0,0	0,1	0,0	-	-	0,1	0,0
Outras negligencias	11	0,5	0,2	0,0	2,1	0,0	2,3	0,0
Intencionado	1.507	71,8	24.401,8	87,5	10.635,4	81,4	35.037,2	85,6
Causa descoñecida	198	9,4	751,7	2,7	1.256,4	9,6	2.008,1	4,9
Incendio reproducido	301	14,3	2.548,8	9,1	1.150,0	8,8	3.698,8	9,0
<b>Galicia</b>	6.996	100	55.530,8	100	40.414,2	100	95.945,0	100
Raio	121	1,7	476	0,9	815	2,0	1.291,9	1,3
Queima agrícola	46	0,7	30	0,1	14	0,0	44,0	0,0
Queima de pastos	3	0,0	0	0,0	0	0,0	0,1	0,0
Traballos forestais	32	0,5	20	0,0	13	0,0	33,0	0,0
Fogueiras	35	0,5	77	0,1	13	0,0	90,4	0,1
Fumadores	9	0,1	12	0,0	58	0,1	70,0	0,1
Queima de lixo	4	0,1	2	0,0	2	0,0	4,1	0,0
Escapes de vertedoiros	22	0,3	4	0,0	8	0,0	12,1	0,0
Queima de matogueira	24	0,3	10	0,0	28	0,1	38,5	0,0
Ferrocarril	13	0,2	127	0,2	4	0,0	130,9	0,1
Liñas eléctricas	56	0,8	55	0,1	96	0,2	151,0	0,2
Motores e máquinas	15	0,2	14	0,0	24	0,1	37,6	0,0
Outras negligencias	160	2,3	213	0,4	421	1,0	633,9	0,7
Intencionado	5.152	73,6	47.509	85,6	33.586	83,1	81.095,3	84,5
Causa descoñecida	826	11,8	4.051	7,3	3.363	8,3	7.413,8	7,7
Incendio reproducido	477	6,8	2.929	5,3	1.968	4,9	4.897,0	5,1

Fonte: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

**Emisións verificadas e asignacións de dereitos de emisión de gases de efecto invernadeiro en Galicia e España 2006: distribución segundo actividade**

	Galicia			España		
	Asignación	Emisión	Instalacións	Asignación	Emisión	Instalacións
	<i>(en millóns tn CO2)</i>			<i>(en millóns tn CO2)</i>		
<b>Xeración</b>	9,84	13,28	4	84,19	96,62	77
Carbón	9,79	12,97	2	54,20	63,21	26
Ciclo combinado	-	-	1	18,77	18,91	25
Extrapeninsular	-	-	0	10,63	11,44	16
Fuel	0,06	0,31	1	0,58	3,06	10
<b>Industria</b>	2,49	2,29	27	69,90	66,01	597
Azulexos e baldosas	0,01	0,01	1	1,59	1,38	36
Cal	0,06	0,01	1	2,46	2,21	24
cemento	0,38	0,35	1	28,40	27,37	36
fritas	-	-	0	0,69	0,55	22
pasta e papel	0,13	0,10	3	5,62	4,61	117
refino de petróleo	1,57	1,53	1	15,25	15,49	13
sederúxia	0,08	0,08	1	8,71	8,25	29
tallas e ladrillos	0,22	0,19	18	4,92	4,15	282
vidrio	0,03	0,03	1	2,25	2,00	38
<b>Outra combustión</b>	1,44	0,97	30	21,58	17,05	371
<b>Total</b>	13,77	16,54	61	175,67	179,68	1.045

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

○ 3.5.6.

**Emisións contaminantes nas CC.AA. 2003-05. Número de substancias contaminantes e de complexos industriais**

	Substancias			Complexos industriais		
	2003	2004	2005	2003	2004	2005
Andalucía	27	28	33	391	391	387
Aragón	21	20	5	110	163	18
Asturias	15	19	36	25	30	29
Baleares	4	3	9	7	6	7
Canarias	4	7	15	12	22	19
Cantabria	23	22	24	35	32	32
Castela e León	23	23	23	257	266	261
Castela-A Mancha	10	17	29	11	83	85
Cataluña	29	36	38	343	488	504
C. Valenciana	16	13	27	61	35	145
Extremadura	11	11	20	54	55	49
<b>Galicia</b>	<b>16</b>	<b>19</b>	<b>27</b>	<b>24</b>	<b>48</b>	<b>48</b>
Madrid	23	16	26	35	42	43
Murcia	14	12	23	32	45	43
Navarra	18	19	20	92	94	97
País Vasco	32	34	nd	120	114	nd
Rioxa, A	5	6	5	10	11	7
Ceuta e Melilla	1	-	2	1	-	1
<b>España</b>	<b>50</b>	<b>50</b>	<b>45</b>	<b>1.620</b>	<b>1.925</b>	<b>1.775</b>

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente, Registro estatal de emisiones y fuentes contaminantes

○ 3.5.7.

rado cos datos estatísticos do ano anterior cómpre salientar que se ben a importancia relativa da superficie queimada é similar á do de 2006 (86,4%), o peso relativo do número de lumes intencionados descendeu sete puntos e medio (81,1% en 2005).

Séguenlle en importancia, ao igual que en 2005, os lumes rexistrados por causas descoñecidas (11,1% dos lumes e o 7,7% da superficie total queimada) e os lumes por motivo de reproducións (6,8% dos lumes galegos e o 5,1% da superficie queimada). En relación ao ano anterior, cómpre salientar a medra da importancia relativa tanto do número coma da superficie afectada polas reproducións de incendios.

Se se considera tan só a intencionalidade da vaga de incendios acontecidos entre os días 4 e 15 de agosto de 2006, os incendios intencionados supuxeron o 77,7% dos lumes. A media do período comprendido entre os anos 1998 e 2005 foi do 86,1%.

<b>Complexos industriais contaminantes rexistrados no Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes (1)</b>	
<p><b>A Coruña</b></p> <p>Hijos de Rivera, S.A.                      Artabra, S.A.                      Escurís, S.A.                      Aluminios Cortizo                      Cerámicas el Progreso                      Cerámica Verea                      Depósito de Monticaño                      Granja                      Campo Brick, S.L.                      Exporgondo                      Megasa Siderúrgica                      Arteixo Química S.L.                      Alcoa Inespal, S.A.                      Repsol YPF, Complejo ind. A Coruña                      Pol. Ind. Teixeira                      Ferroatlántica (Cee)                      Ferroatlántica (Dumbria)                      Ferroatlántica (Fábrica de Sabón)                      Vertedoiro de RSU de Piñor-Figueiras                      Central térmica de Sabón                      Central térmica de Meirama                      Central térmica de As Pontes                      Excorrigal S.L.                      Frinsa                      Cerámica Rioboo, S.L.                      SGL Carbón</p>	<p><b>Lugo</b></p> <p>Explotaciones Mapar, S.L.                      Granjas Dical, S.L.                      Cementos Cosmos (Oural)                      Magnesitas de Rubián                      Alúmina Española S.A.                      Leche Celta, S.L.                      Granja Campomayor, S.L.                      Fábrica de ladrillos de Portomarín</p> <p><b>Ourense</b></p> <p>Vidriera del atlántico, S.A.</p> <p><b>Pontevedra</b></p> <p>Frigolouro                      Electroquímica del Noroeste, S.A. (ELNOSA)                      Núcleo Catasende                      Núcleo La Rocha                      Frinova, S.A.                      Sat tras do Campo                      Explotaciones porcinas Achacan S.C.                      PSA Peugeot Citroën. Centro de Vigo                      Avícola de Galicia                      Granjas Muiños                      Ofelia Recimil García                      Pedro Gallego Lois                      María del Carmen Payo Castro</p>

(1) A Ley 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, recolle a obrigatoriedade de notificar as emisións ás autoridades competentes alomenos unha vez ao ano. A devandita Lei establece que as instalacións, de titularidade pública ou privada, disporán dun período de adaptación ata o 30 de outubro de 2007. Con todo, quedan exentas ou fóra da Lei as instalacións empregadas para investigación, desenvolvemento e experimentos de novos produtos e procesos.  
 Fonte: Ministerio de Medio Ambiente, Registro estatal de emisiones y fuentes contaminantes

○ 3.5.8.

### Cambio climático

O fenómeno do cambio climático é, probablemente, un dos principais problemas ambientais a escala global aos que se enfrontan actualmente os distintos gobernos. Para facer fronte a este problema, asinou-se o denominado protocolo de Kioto ou Protocolo sobre o Cambio Climático, que establece compromisos de redución das emisións dos gases de efecto invernadoiro, principal causa do cambio climático.

O **cadro 3.5.6.** reflicte os principais resultados obtidos ao longo do segundo ano da aplicación da Lei 1/2005, de nove de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. No ano 2006, o volume total de asignacións que cubren as 61 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 13,8 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>. Dado que as emisións ascenderon a 16,5 millóns de toneladas, o balance negativo foi de 2,7 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,8% das instalacións, mentres que a porcentaxe de asignacións e emisións foi do 7,8% e 9,2%, respectivamente.

Canto á cobertura da asignación, definida coma a relación entre asignacións e emisións verificadas, esta situouse en Galicia no 83,3%, máis de catorce puntos por baixo da media estatal. Atendendo á desagregación segundo grandes grupos de asignación, o devandito **cadro 3.5.6.** indica que a cobertura de asignación do sector eléctrico galego foi do 74,1%, (87,1% no conxunto do Estado), fronte aos 108,7% dos sectores industriais (a media estatal foi do 105,9%) e o 148,6% de “outra combustión” (126,5% en España).

Segundo os datos do Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, en 2005 (último ano dispoñible) continúa incrementándose o número total de actividades contaminantes en Galicia, que pasa dos 19 contaminantes de 2004 aos 27 contaminantes do último ano (48 no conxunto do Estado). Xunto a este incremento hai que salientar, **cadro 3.5.7.**, que no ano 2005 se mantén o número de centros ou complexos industriais contaminantes en 48 centros, o que representa o 2,7% do total estatal.

**Abastecemento público urbano en Galicia e España 2003-04: distribución segundo grandes grupos de usuarios**

	2003			2004		
	Galicia	España	(%)	Galicia	España	(%)
	<i>(en miles de m<sup>3</sup>)</i>			<i>(en miles de m<sup>3</sup>)</i>		
<b>Volume augua controlada e distribuída para abastec. público</b>	236.681	4.019.615	5,9	239.245	4.042.399	
<b>Sectores económicos</b>	44.865	933.309	4,8	58.464	969.340	
<b>Fogares</b>	143.213	2.602.904	5,5	155.693	2.700.928	
<b>Consumos municipais</b>	17.759	349.747	5,1	24.047	304.704	
<b>Outros</b>	30.844	133.655	23,1	1.041	67.427	
<b>Augua perdida na rede de distribución</b>	55.316	927.393	6,0	55.928	881.064	
	<i>(en miles de €)</i>			<i>(en miles de €)</i>		
<b>Importe total da augua distribuída</b>	119.515	2.579.287	4,6	122.106	2.647.852	
<b>Importe total de la inversión en los servicios de suministro</b>	7.531	317.921	2,4	3.143	393.655	

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

### ○ 3.5.9.

**Consumo medio de augua nos fogares 2003-04**

	2003	2004	04/03
	<i>(en litros / habitante / día)</i>		<i>(%)</i>
Andalucía	184	189	2,7
Aragón	169	162	-4,1
Asturias	161	172	6,8
Baleares	130	142	9,2
Canarias	135	147	8,9
Cantabria	185	187	1,1
Castela e León	168	172	2,4
Castela-A Mancha	184	179	-2,7
Cataluña	183	174	-4,9
Valenciana	163	178	9,2
Extremadura	163	178	9,2
<b>Galicia</b>	<b>143</b>	<b>155</b>	<b>8,4</b>
Madrid	166	171	3,0
Murcia	149	161	8,1
Navarra	152	144	-5,3
País Vasco	149	150	0,7
Rioxa, A	136	141	3,7
Ceuta e Melilla	139	142	2,2
<b>España</b>	<b>167</b>	<b>171</b>	<b>2,4</b>

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

### ○ 3.5.10.

Atendendo ao tipo de actividade, cómpre salientar que as instalacións de combustión de máis de 50 MW acollen o 78% das emisións ao aire, e que as refinerías de petróleo e gas emiten o 97% das emisións directas ao auga. Canto ás emisións indirectas á auga, case dúas terceiras partes son emitidas polas industrias de fabricación de produtos alimenticios a partir de materia prima animal e un 26%, por industrias de fabricación de produtos alimenticios a partir de materia prima vexetal.

## Auga

Tal e como reflicte o sistema de información ambiental de Galicia (SIAG), se poden salientar tres indicadores ambientais relativos á auga: Auga dispoñible e abastecida, consumo de auga para consumo urbano e calidade de augas de baño.

No ano 2004 (último dato dispoñible) o volume de auga dispoñible ascendeu a 356.425 miles de metros cúbicos, dos que 295.529 son procedentes de captación propia. No ano 2003, o volume de auga era de 333.416 miles de metros cúbicos e a procedente de captación propia, 307.761 miles m<sup>3</sup>.



**Recollida e tratamento de augas residuais nas CC.AA. 2004: distribución segundo clase de indicador**

	Aguas residuais		Volumen total auga vertida	Volumen total auga reutilizada	Gastos invest. recollida e tratamento augas residuais	Cotas saneamento e depuración
	Recollidas	Tratadas				
			(en m <sup>3</sup> / día)		(en miles de €)	
Andalucía	2.255.714	1.996.737	2.108.494	143.990	44.179	242.715
Aragón	598.943	572.649	597.479	959	2.365	46.549
Asturias	492.322	267.259	460.658	29.480	3.303	17.538
Baleares, Illas	332.452	331.908	231.002	101.280	38.084	36.101
Canarias	270.007	209.647	188.229	81.777	3.919	47.324
Cantabria	214.285	204.618	211.508	2.715	4.827	13.210
Castela e León	1.059.772	983.050	1.051.271	3.693	2.411	47.057
Castela-A Mancha	515.283	492.724	501.655	9.193	13.560	27.349
Cataluña	2.058.393	1.960.241	2.023.024	31.062	44.702	84.293
Valenciana	2.758.162	2.502.628	2.254.968	502.809	272	210.820
Estremadura	136.601	126.298	134.418	2.103	1.466	18.445
<b>Galicia</b>	<b>1.301.748</b>	<b>1.140.686</b>	<b>1.297.641</b>	<b>4.107</b>	<b>4.637</b>	<b>63.441</b>
Madrid	3.685.699	3.682.051	3.602.769	82.830	62.406	158.221
Murcia	290.694	290.694	212.185	78.509	26.113	60.067
Navarra	335.704	329.649	335.704	-	12.271	30.494
País Vasco	991.548	902.268	991.457	-	7.768	96.011
Rioxa, A	284.447	284.046	284.074	335	9.403	16.776
Ceuta e Melilla	28.669	28.669	25.667	3.002	2.993	1.650
<b>España</b>	<b>17.610.443</b>	<b>16.305.822</b>	<b>16.512.203</b>	<b>1.077.844</b>	<b>284.679</b>	<b>1.218.061</b>

(1) Só inclúe augas residuais recollidas procedentes da rede de distribución  
Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

### 3.5.11.

A cantidade de auga para o abastecemento público urbano medrou en Galicia no ano 2004 (último ano dispoñible) un 1,1% en relación ao ano anterior, acadando os 295.173 miles de metros cúbicos (o 6,0% do total estatal). A perda de auga dispoñible nas redes de distribución medrou na mesma porcentaxe, de tal xeito que nese ano perdeuse, ao igual que no ano anterior, o 18,9% da auga dispoñible (55.928 miles de metros cúbicos).

O volume de auga abastecida aos fogares galegos medrou en 2004 un 8,7%, situándose nos 155.693 miles de metros cúbicos, o 66,8% do consumo total. O consumo medio de auga nos fogares galegos, **cadro 3.5.10.**, foi de 155 litros por habitante e día (171 litros de media no Estado), o que a sitúa como a sexta comunidade co menor consumo medio tras A Rioxa (141 litros/habitante/ano), Baleares e Ceuta e Melilla (142 litros), Navarra (144 litros) e Canarias (147 litros).

No que respecta á recollida e tratamento de augas residuais nas diferentes Comunidades Autónomas, o **cadro 3.5.11.** indica que en 2004 recolléronse en Galicia 1.301.748 m<sup>3</sup> de augas residuais por día, dos que foron tratados 1.140.686 m<sup>3</sup>, o que sitúa a Galicia no quinto lugar despois de Andalucía, Cataluña, Madrid e a C. Valenciana. A porcentaxe de augas residuais tratadas sobre o total de recollidas é do 87,6% en Galicia, cinco puntos por baixo da acadada no conxunto do Estado.

Galicia sitúase coma a quinta comunidade en volume total de auga vertida, con 1.297.641 m<sup>3</sup> por día, por detrás das devanditas Andalucía, Cataluña, Madrid e a C. Valenciana, sendo a décima comunidade con menor volume de auga reutilizada, con 4.107 m<sup>3</sup> por día, só por diante de Navarra, A Rioxa, Ceuta e Melilla, Aragón, Estremadura, Cantabria e Castela e León.

A análise dos 535 puntos de mostraxe seleccionados para controlar as zonas de baño marítimas amosan que a súa cualificación sanitaria final considérase moi boa no 89% dos puntos (o 97,8% na provincia de Lugo) e nun 10% das zonas, a calidade da auga pode considerarse como boa. No que atinxe ás 69 zonas de baño continentais habilitadas, a calidade da auga é moi boa no 20,6% dos puntos e boa, nun 71,2%.

**Superficie terrestre e espazos naturais protexidos en Galicia e España 2005:  
distribución segundo figura de protección**

	España		Galicia		
	Espazos naturais	Superficie terrestre protexida (en ha.) (%)	Espazos naturais	Superficie terrestre (en ha.) (%)	
<b>Figuras básicas da lei estatal 4/89</b>					
<b>Parques</b>					
Parque Nacional	13	310.213 6,0	1	1.195 0,3	
Parque Natural	141	3.319.474 64,2	6	40.662 11,7	
<b>Reservas</b>					
Reserva Natural	235	126.918 2,5			
<b>Monumentos</b>					
Monumento Natural	284	91.400 1,8	5	285 0,1	
Paisaxe protexido	44	94.498 1,8			
<b>Outras figuras</b>					
PEIN	144	673.984 13,0			
Paraxe	62	114.392 2,2			
Sitio de interese	24	1.675 0,0	3	57 0,0	
Área natural recreativa	27	9.443 0,2			
Corredor Ecolóxico e de biodiversidade	4	6.124 0,1			
Biotopo protexido	5	901 0,0			
Espazo natural en réxime protección preventiva	5	59.513 1,2			
Microrreserva	43	7.271 0,1			
Humidal protexido	5	7.749 0,1	5	7.749 2,2	
Zona especial de conservación	77	703.869 13,6	68	298.093 85,6	
<b>Total</b>	<b>1.113</b>	<b>5.171.050 100</b>	<b>88</b>	<b>348.041 100</b>	

Fonte: Anuario Europarc-España do estado dos espazos naturais protexidos 2005

### 3.5.12.

Galicia acolleu no último ano o 7,4% das augas residuais recollidas e 7,0% das tratadas en España, mentres que o importe total dos gastos en investimento da recollida e tratamento de augas residuais tan só significa o 1,6% (4.637 miles de euros) do importe estatal. O importe total das cotas de saneamento e depuración ascendeu en Galicia en 2004 a 63.441 miles de euros, o que representa o 5,2% das cotas en España.

No que atinxe ao indicador da calidade de augas de baño, no ano 2006 habilitáronse un total de 500 zonas de baño, das que 431 son zonas de baño marítimas e 69, zonas de baño continentais.

### Aire

As porcentaxes do índice de calidade de aire (ICA) das estacións ubicadas no medio urbano de Galicia que acadan as cualificacións de excelente e bo, son superiores ao 90% en todas as cidades. Con todo, cómpre salientar que existen importantes diferenzas entre unha cidade e outra xa que por exemplo, se en Pontevedra e Santiago, as porcentaxes do ICA que acadan unha cualificación de excelente son do 71,1% e 68,1%, respectivamente, en A Coruña e, sobre todo en Ourense, predomina a cualificación de bo: 48,4% e 72,8%, respectivamente.

No caso das zonas rurais industriais, en 2006 a maior porcentaxe dos valores de ICA correspóndese con valores de excelentes e bos. Ao igual que no caso anterior, existen diferenzas importantes entre unhas estacións e outras, de tal xeito que mentres que nas estacións de Capelada (concello de Cedeira) e de Pastoriza (concello de Arteixo) as porcentaxes do ICA cunha cualificación de excelente é do 90,2% e 81,4%, respectivamente, na estación de Fraga Redonda, en As Pontes, o índice de calidade de aire indica que o 71,3% acada unha cualificación de bo.

No concernente á calidade de aire de Galicia para a protección da vexetación, os datos resultantes das medicións dos parámetros de control nos últimos analizados sitúanse estables e alonxados dos límites legais no caso do SO<sub>2</sub> e NO<sub>x</sub>. Por contra, o valor medio dos últimos cinco anos do AOT<sub>40</sub> ten unha tendencia descendente e se sitúa en 2006 nos 7.417 µg/m<sup>3</sup>Nh, moi alonxado do valor límite (18.000 µg /m<sup>3</sup>Nh de promedio nun período de cinco anos) establecido como valor obxectivo para a protección da vexetación no ano 2010, establecido pola Directiva 2002/3/CE, do Consello de 12 de febreiro, relativo ao ozono no aire.

**Superficie protexida nas CC.AA. 2005**

	Superficie autonómica		Superficie protexida				[1] / [2]
	[1]		terrestre [2]		mariña		
	(en ha.)	(%)	(en ha.)	(%)	(en ha.)	(%)	(%)
Andalucía	8.726.800	17,3	1.693.347	32,7	25.078	15,6	19,4
Aragón	4.766.900	9,4	110.946	2,1	-	-	2,3
Asturias	1.056.500	2,1	177.043	3,4	-	-	16,8
Canarias	727.300	1,4	302.399	5,8	37.151	23,1	41,6
Cantabria	528.900	1,0	57.089	1,1	-	-	10,8
Castela e León	9.414.700	18,6	572.577	11,1	-	-	6,1
Castela-A Mancha	7.922.600	15,7	238.889	4,6	-	-	3,0
Cataluña	3.193.200	6,3	691.606	13,4	14.178	8,8	21,7
C. Valenciana	2.330.500	4,6	148.191	2,9	9.711	6,0	6,4
Estremadura	4.160.200	8,2	288.775	5,6	-	-	6,9
<b>Galicia</b>	<b>2.943.400</b>	<b>5,8</b>	<b>348.041</b>	<b>6,7</b>	<b>50.201</b>	<b>31,2</b>	<b>11,8</b>
Baleares	501.400	1,0	12.252	0,2	24.495	15,2	2,4
Madrid	802.790	1,6	110.029	2,1	-	-	13,7
Murcia	1.131.700	2,2	80.238	1,6	-	-	7,1
Navarra	1.042.100	2,1	75.194	1,5	-	-	7,2
País Vasco	736.100	1,5	80.207	1,6	-	-	10,9
A Rioxa	503.400	1,0	184.225	3,6	-	-	36,6
<b>Total</b>	<b>50.488.490</b>	<b>100</b>	<b>5.171.050</b>	<b>100</b>	<b>160.814</b>	<b>100</b>	<b>10,2</b>

Fonte: Anuario Europarc-España do estado dos espazos naturais protexidos 2005

○ 3.5.13.

### Biodiversidade

Como indicadores ambientais da biodiversidade considéranse tres tipos de indicadores: os espazos naturais protexidos, as especies alóctonas naturalizadas e invasoras fronte a autóctonas e o número de taxons de vertebrados e flora vascular incluídos no catálogo galego de especies ameazadas.

· Os espazos naturais protexidos

A Lei 9/2001, de Conservación da Natureza, define aos espazos naturais protexidos como aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza coma derivados da actividade humana. A 31 de decembro de 2005, Galicia acolle ao 7,9% dos espazos protexidos declarados no conxunto do Estado e o 6,7% da superficie protexida. Os 88 espazos protexidos na comunidade autónoma galega abranguen unha superficie terrestre de 348.041 hectáreas, o que representa o 11,8% do territorio galego. A superficie mariña protexida elévase a 50.201 hectáreas, case un terzo do total estatal. (cadro 3.5.12. e 3.5.13.)

En Galicia foron declaradas ata o momento un total de 14 zonas de especial protección para as aves (ZEPAs), ascendendo a súa extensión a 72.881 hectáreas. Destas, 60.574 hectáreas corresponden á superficie terrestre (o 2% da superficie galega) e as restantes 12.037 hectáreas, á superficie mariña.

Asemade, a comunidade galega conta con 59 lugares de importancia comunitaria (LIC), que suman unha superficie total de 371.868 hectáreas, das que 27.513 ha corresponden a áreas mariñas. A súa extensión terrestre representa o 11,6% da superficie galega, moi por baixo da media estatal, que é do 22,2% (cadro 3.5.14.)

Compre salientar a existencia de cinco humidais galegos incluídos na lista de sitios Ramsar (Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán; Rías de Ortigueira e Ladrado; Lagoa e areal de Valdoviño; Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira; e a Ría de Ribadeo), que suman un total de 8.026 hectáreas, o 4,6% da superficie total dos humidais españois incluídos na devandita Lista.

**Rede Natura 2000 nas CC.AA: Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)**

	LICs			ZEPAs		
	Nº	Superficie total		Nº	Superficie total	
		(en ha)	(% territorio)		(en ha)	(% territorio)
Andalucía	191	2.589.563	28,7	62	1.572.369	17,6
Aragón	157	1.038.973	21,8	45	840.182	17,6
Asturias	49	304.046	26,7	12	237.322	20,7
Baleares	127	201.900	18,7	50	122.136	24,3
Canarias	174	457.263	36,9	28	211.598	25,7
Cantabria	21	137.556	25,7	8	78.810	14,8
Castela-A Mancha	72	1.564.781	19,7	36	1.559.337	19,6
Castela e León	120	1.890.597	20,1	70	1.998.353	21,2
Cataluña	68	615.430	18,9	40	504.033	15,5
C. Valenciana	94	685.542	26,7	18	277.239	11,9
Estremadura	87	828.169	19,9	69	1.089.936	26,2
<b>Galicia</b>	<b>59</b>	<b>371.868</b>	<b>11,6</b>	<b>14</b>	<b>72.881</b>	<b>2,0</b>
Madrid	7	320.043	39,9	7	185.331	23,1
Murcia	50	347.633	14,8	22	205.029	16,9
Navarra	42	251.769	24,2	17	77.267	7,4
País Vasco	52	134.812	18,6	6	39.287	5,3
A Rioxa	6	167.611	33,3	5	165.950	22,6
Ceuta e Melilla	5	2.081	21,0	3	684	20,0
<b>Total España</b>	<b>1.381</b>	<b>11.909.637</b>	<b>22,2</b>	<b>512</b>	<b>9.237.744</b>	<b>18,0</b>

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

## ○ 3.5.14.

**Recollida de residuos domésticos e públicos 2003-04: distribución segundo tipo de residuo**

	2003		2004		04/03	
	Residuos mezclados	Res. recollidos selectivamente	Residuos mezclados	Res. recollidos selectivamente	Residuos mezclados	Res. recollidos selectivamente
	(toneladas)				(%)	
Andalucía	4.886.765	180.195	3.964.509	1.423.154	-18,9	689,8
Aragón	690.868	32.403	722.497	258.918	4,6	699,1
Asturias	638.236	41.002	490.250	384.580	-23,2	838,0
Baleares	683.221	41.193	653.534	122.510	-4,3	197,4
Canarias	1.134.851	59.900	1.162.450	312.549	2,4	421,8
Cantabria	337.588	14.430	320.972	50.984	-4,9	253,3
Castela e León	1.252.855	50.906	1.056.966	821.846	-15,6	1514,4
Castela - A Mancha	953.850	52.866	957.783	119.237	0,4	125,5
Cataluña	4.080.480	245.458	2.885.321	731.841	-29,3	198,2
Comunidade Valenciana	2.492.910	109.964	2.427.975	399.808	-2,6	263,6
Estremadura	519.634	18.623	414.578	93.844	-20,2	403,9
<b>Galicia</b>	<b>1.590.011</b>	<b>86.573</b>	<b>999.445</b>	<b>407.844</b>	<b>-37,1</b>	<b>371,1</b>
Madrid	3.079.600	208.502	3.155.308	528.549	2,5	153,5
Murcia	643.860	36.795	555.738	156.373	-13,7	325,0
Navarra	314.183	21.988	312.832	63.978	-0,4	191,0
País Vasco	1.042.390	100.326	952.375	465.146	-8,6	363,6
A Rioxa	171.431	11.485	109.484	28.602	-36,1	149,0
Ceuta e Melilla	71.174	4.519	65.598	15.764	-7,8	248,8
<b>Total</b>	<b>24.583.907</b>	<b>1.317.128</b>	<b>21.207.615</b>	<b>6.385.527</b>	<b>-13,7</b>	<b>384,8</b>

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

## ○ 3.5.15.

**Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2003-04: distribución segundo tipo de residuo producido**

	2003			2004			
	Domésticos	Papel e cartón	Vidrio	Domésticos	Papel e cartón	Vidrio	Envases mixtos
	(Kg. / hab. / ano)			(Kg. / hab. / ano)			
Andalucía	642	11,8	9,4	532	11,0	7,4	70,3
Aragón	562	14,2	9,9	594	15,8	10,6	16,5
Asturias	594	27,1	9,7	462	22,8	7,9	7,0
Baleares	721	24,4	18,5	721	25,7	19,9	37,3
Canarias	599	15,1	10,0	638	14,5	10,1	57,8
Cantabria	614	13,3	13,0	595	14,8	11,3	27,5
Castela e León	525	15,3	13,0	430	10,0	9,1	19,8
Castela - A Mancha	504	9,9	9,4	535	12,6	9,4	32,2
Cataluña	609	19,1	13,4	444	21,2	14,9	43,5
C. Valenciana	558	12,3	10,5	567	13,0	11,5	19,4
Extremadura	484	9,3	6,1	391	8,3	4,7	50,6
<b>Galicia</b>	<b>578</b>	<b>15,7</b>	<b>12,9</b>	<b>370</b>	<b>14,0</b>	<b>7,0</b>	<b>76,8</b>
Madrid	539	17,1	13,7	566	20,3	9,4	23,6
Murcia	507	13,7	9,3	451	13,6	8,4	48,2
Navarra	543	20,3	17,1	554	26,0	17,5	57,1
Pais Vasco	494	29,3	15,9	456	38,9	16,2	133,2
A Rioxa	597	16,0	16,5	388	21,2	18,4	33,0
Ceuta e Melilla	496	14,5	9,8	475	9,3	3,6	38,9
<b>Total</b>	<b>576</b>	<b>15,2</b>	<b>11,8</b>	<b>491</b>	<b>16,3</b>	<b>10,2</b>	<b>45,2</b>

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

### ○ 3.5.16.

#### Residuos sólidos

Ao longo do ano 2004 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia 1.407,3 miles de toneladas de residuos urbanos (selectivos e mesturados), o que representa un 5,1% do total estatal. Comparado co ano anterior, o **cadro 3.5.15.** indica unha caída do 16,1% no caso dos residuos urbanos recollidos en Galicia fronte á medra do 6,5% de media en España.

O volume de residuos mesturados descendeu na meirande parte das comunidades autónomas ao longo do ano 2004, acadando en Galicia as 999.445 de toneladas, un 37,1% menos que as recollidas no ano anterior (cae un 13,7% no conxunto do Estado). Pola contra, todas as CC.AA. experimentaron nese ano un fortísimo incremento do volume de residuos urbanos recollidos selectivamente, situándose esta taxa de crecemento en Galicia no 371,1% (384,8% en España).

Comparado co total estatal, Galicia recolleu o 4,7% dos residuos mesturados e o 6,4% dos recollidos selectivamente.

Atendendo ao tipo de residuo producido, o **cadro 3.5.16.** amosa que no caso dos residuos urbanos domésticos recolléronse en Galicia un total de 370 quilogramos por habitante, sendo de 76,8 quilogramos no caso dos envases mixtos e de 14,0 kg/hab. e 7,0 quilogramos por habitante, no do papel e cartón e do vidro. Segundo as estatísticas do INE, Galicia sitúase por riba da media estatal tanto no caso dos envases mixtos.

No concernente á xeración de residuos na industria galega, os **cadros 3.5.17.** a **3.5.20.** reflicten que ao longo do ano 2004 (o derradeiro ano dispoñible) a industria xerou un total de 4.710,7 miles de toneladas, dos que o 91,4% (4.304,6 miles de toneladas), xeráronse nas industrias manufactureira, e un 5,1% (242,4 miles de toneladas) nas actividades da industria extractiva. No conxunto do Estado, as industrias extractivas xeraron o 50,7% dos residuos industriais, fronte ao 38,7% das industrias manufactureiras.

**Destino de residuos urbanos mesturados e recollidos selectivamente 2004: distribución segundo tipo de residuo**

	Galicia			España		
	Total	Xestionados por		Total	Xestionados por	
		Tratamento	Verquido		Tratamento	Verquido
<b>Residuos mezclados</b>	999.445	354.968	497.623	21.207.615	9.213.537	7.438.430
R. domésticos mezclados y públicos similares	940.008	344.983	486.924	20.179.268	9.121.575	7.087.458
R. domésticos voluminosos mezclados	59.437	9.985	10.699	1.028.347	91.962	350.972
				( en Tm.)		
<b>Residuos recollidos selectivamente</b>	407.844	192.082	23.356	6.385.527	2.181.700	791.379
Aceites minerales usados (non inclúe os alimentarios)	2.402	1.770	7	57.280	9.452	4.086
Medicamentos non utilizados	2.000	-	-	6.041	-	-
Residuos sanitarios e biolóxicos	22.400	1.649	-	380.016	55.977	-
Residuos metálicos	6.152	5.607	-	136.527	68.797	-
Vidrio	18.752	14.556	-	439.361	188.435	-
Papel e cartón	37.807	105	-	703.378	2.162	13.256
Caucho (neumáticos)	2.327	3.211	-	55.982	63.042	2.601
Plásticos (agás embalaxes)	7.627	292	739	105.714	30.136	32
Madeira	3.105	124	-	102.069	1.008	26.323
Ropa e residuos téxtis	124	-	-	4.850	-	75
Vehículos desechados	-	-	-	-	-	-
Equipos eléctricos desechados (electrodomésticos.)	-	20	-	-	103	101
Residuos de pilas e acumuladores	729	276	-	12.954	298	12.656
Residuos animais e vexetais	35.513	3.594	-	449.785	27.836	5.558
Envases mixtos e embalaxes mezclados	207.433	160.761	1.867	1.394.004	1.526.148	101.515
Lodos comúns (especificar)	-	-	-	125.626	125.626	-
Residuos da construción e demolición	54.389	218	20.668	1.721.940	78.726	583.870
Outros	176	101	75	103.195	23.954	53.962

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

○ 3.5.17.

**Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas nas CC.AA. 2003-04: distribución segundo tipo de perigosidade**

	2003		2004		04/03	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(miles de toneladas)				(%)	
Andalucía	5.767,6	252,0	6.552,4	254,5	13,6	1,0
Aragón	914,0	30,4	4.793,0	71,1	424,4	134,0
Asturias	9.477,3	101,7	2.206,3	155,0	-76,7	52,5
Baleares	11,6	1,7	28,9	4,3	149,6	154,2
Canarias	137,1	8,1	106,8	9,6	-22,1	18,0
Cantabria	295,2	31,2	625,6	100,3	111,9	221,5
Castela e León	22.876,7	184,2	18.692,8	96,3	-18,3	-47,7
Castela - A Mancha	1.601,1	27,1	2.024,8	54,2	26,5	100,4
Cataluña	4.654,2	607,4	4.412,6	437,6	-5,2	-27,9
C. Valenciana	3.377,8	272,6	3.624,0	114,0	7,3	-58,2
Extremadura	50,1	1,1	349,2	17,5	596,7	1461,6
<b>Galicia</b>	<b>3.521,7</b>	<b>70,9</b>	<b>4.565,7</b>	<b>145,0</b>	<b>29,6</b>	<b>104,5</b>
Madrid	1.027,5	100,0	1.934,9	84,7	88,3	-15,3
Murcia	312,1	68,8	973,6	41,8	211,9	-39,2
Navarra	864,2	63,6	664,3	47,1	-23,1	-26,0
País Vasco	2.465,1	321,2	2.568,4	327,3	4,2	1,9
A Ríoxa	51,2	3,6	138,1	9,9	170,0	177,1
<b>Total</b>	<b>57.404,6</b>	<b>2.145,4</b>	<b>54.261,5</b>	<b>1.970,4</b>	<b>-5,5</b>	<b>-8,2</b>

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

○ 3.5.18.

**Residuos xerados en Galicia e España 2004: distribución segundo tipo de residuo**

	Galicia		España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(en toneladas)			
Residuos químicos (1)	399	6.369	73.082	463.917
Aceites usados	-	4.234	-	109.517
Residuos preparados químicos	1.256	2.778	106.674	241.473
Outros residuos químicos	69.448	87.342	1.550.663	552.477
Residuos sanitarios e biolóxicos	110	7.616	12.996	63.128
Residuos metálicos	199.581	4.666	4.204.864	85.519
Residuos de vidro	2.173	24	529.572	2.328
Residuos de papel e cartón	112.150	-	1.193.954	-
Residuos de caucho	264	-	52.168	-
Residuos de plástico	16.802	6	312.627	2.107
Residuos de madeira	102.215	-	790.348	29
Residuos téxtis	2.688	-	126.578	-
Residuos que conteñen PCB	-	107	-	1.996
Residuos desechados	159	306	5.795	21.371
Residuos animais e vexetais	60.212	-	2.247.995	-
Residuos correntes misturados	40.680	6.918	1.745.433	40.751
Lodos comúns	59.578	-	2.557.765	-
Residuos minerais e da construción (2)	3.657.488	8.643	31.185.187	105.849
Residuos da combustión	237.336	15.981	7.292.301	276.108
Residuos solidificados e vitrificados	3.164	1	273.460	3.790
<b>Cantidade de residuos xerados</b>	<b>4.565.703</b>	<b>144.991</b>	<b>54.261.462</b>	<b>1.970.360</b>

(1) non inclúe os aceites usados

(2) non inclúe os residuos da combustión

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

○ 3.5.19.

**Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas en Galicia e España 2003-04: distribución segundo actividade económica e tipo de perigosidade**
**2004**

	Galicia		España		Galicia/España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(toneladas)					
Industrias extractivas	241.999	363	21.765.592	12.765	1,1	2,8
Industria manufactureira	4.160.445	144.172	26.591.626	1.918.875	15,6	7,5
Productos alimenticios, bebidas e tabaco	-	-	5.977.890	106.822	-	-
Industrias do téxtil, da confección	-	-	219.011	6.916	-	-
Industria do coiro e do calzado	-	-	108.079	1.891	-	-
Industrias da madeira e cortiza	-	-	355.705	7.608	-	-
Industrias do papel, edición e artes gráficas	-	-	2.111.005	24.106	-	-
Refino do petróleo e trat. Residuos nucleares	-	-	61.360	50.632	-	-
Industria química	-	-	4.192.504	372.627	-	-
Industria de transformación do caucho e mat. Plásticas	-	-	245.060	20.477	-	-
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	-	-	4.185.983	156.747	-	-
Metalurxia e outros produtos metálicos	-	-	7.220.914	931.395	-	-
Industria da construción de maquinaria e equipo mecán	-	-	238.315	43.358	-	-
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e ópt	-	-	161.474	42.660	-	-
Fabricación de material de transporte	-	-	1.238.123	140.296	-	-
Resto das actividades manufactureiras	-	-	276.203	13.340	-	-
Producción e distribución de enerxía eléctrica	163.259	453	5.904.244	38.721	2,8	1,2
<b>Total</b>	<b>4.565.703</b>	<b>144.988</b>	<b>54.261.462</b>	<b>1.970.361</b>	<b>8,4</b>	<b>7,4</b>

**2003**

	Galicia		España		Galicia/España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(toneladas)					
Industrias extractivas	596.019	413	30.838.995	113.874	1,9	0,4
Industria manufactureira	2.923.144	69.304	24.471.874	2.005.832	11,9	3,5
Productos alimenticios, bebidas e tabaco	-	-	4.768.866	75.436	-	-
Industrias do téxtil, da confección	-	-	196.539	105.799	-	-
Industria do coiro e do calzado	-	-	72.194	1.393	-	-
Industrias da madeira e cortiza	-	-	605.299	6.415	-	-
Industrias do papel, edición e artes gráficas	-	-	2.063.720	135.303	-	-
Refino do petróleo e trat. Residuos nucleares	-	-	122.816	62.300	-	-
Industria química	-	-	3.350.371	422.159	-	-
Industria de transformación do caucho e mat. Plásticas	-	-	265.001	48.403	-	-
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	-	-	5.174.680	149.007	-	-
Metalurxia e outros produtos metálicos	-	-	5.673.744	753.962	-	-
Industria da construción de maquinaria e equipo mecán	-	-	295.465	16.525	-	-
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e ópt	-	-	144.896	38.834	-	-
Fabricación de material de transporte	-	-	1.497.855	169.995	-	-
Resto das actividades manufactureiras	-	-	240.428	20.302	-	-
Producción e distribución de enerxía eléctrica	2.575	1.182	2.093.688	25.706	0,1	4,6
<b>Total</b>	<b>3.521.738</b>	<b>70.899</b>	<b>57.404.557</b>	<b>2.145.412</b>	<b>6,1</b>	<b>3,3</b>

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

**○ 3.5.20.**

Dos 4.710,7 miles de toneladas de residuos xerados ao longo de 2004 (o 8,4% das toneladas recollidas de media en España), un total de 4.565,7 miles de toneladas teñen a consideración de non perigosos (o 8,4% dos residuos “non perigosos” do conxunto do Estado) e os restantes 145,0 miles de toneladas se clasifican como “perigosos” (o 7,4% dos residuos estatais). Comparado co ano anterior, e a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, Galicia experimentou unha importante medra tanto dos residuos perigosos como dos non perigosos: 104,5% e 29,6%, respectivamente.

Ao igual que no ano anterior, o maior volume de residuos non perigosos xerados corresponde aos residuos minerais e da construción, con 3.657,5 miles de toneladas (o 80,1% do total de residuos non perigosos en Galicia). Séguenlle en importancia, no que ao volume se refire, os residuos da combustión, con 237,3 miles de toneladas (o 5,2%). Pola contra, no caso dos residuos perigosos, salientan os residuos de procesos químicos, que en conxunto, xeraron un total de 87,3 miles de toneladas (o 60,2% dos residuos perigosos).



### Agricultura ecolóxica

Este indicador pretende reflectir as produción ecolóxicas certificadas, e recolle aqueles sistemas de produción, transformación e comercialización de alimentos certificados como tais.

A superficie ecolóxica total ascendeu en Galicia a 28.931,9 hectáreas, 12.673,3 hectáreas máis que no ano anterior, das que practicamente a metade están situadas na provincia de Ourense (14.063 ha). Séguelle en importancia Lugo, con 11.490,3 hectáreas, acollendo entre estas dúas provincias o 88,3% da superficie ecolóxica galega.

### Efectos da contaminación ambiental sobre a saúde

A importancia dun apartado dedicado aos efectos da contaminación ambiental radica en que esta é responsable de enfermidades coma as afeccións respiratorias ou a toxicidade relacionada coa calidade da auga.

Relacionado coas enfermidades provocadas pola contaminación atmosférica, cómpre facer referencia ao nivel de pole no aire, segundo causante de alerxias que afectan ao aparato respiratorio. Segundo os datos da Rede galega de aerobioloxía, en 2006 houbo un total de 97.322 grans de pole por metro cúbico de aire, sendo os captadores máis importantes en canto ao volume de grans por metro cúbico, Vigo e Ourense, con 34.407 e 34.083 grans/m<sup>3</sup>, respectivamente. No que ás especies se refire, destacan pola súa presenza, o bidueiro, as gramíneas, o piñeiro e as estrugas.

No que ás enfermidades de transmisión hídrica, os datos recollidos no **cadro 3.3.4.** [*Enfermidades de declaración obrigatoria 2005-06*] amosan unha nova caída do número de casos febre tifoidea e paratifoidea, que se sitúa nos 2 casos por cada 1.000.000 habitantes, cando en 2005 esta taxa era de 4 casos. Pola contra, esta taxa medra no caso de disentería bacilar, que acada os tres casos por millón de habitantes (1 caso no ano 2005).